

SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO SOBRE TRIENIOS CONSOLIDADOS COMO PERSOAL LABORAL

Santiago de Compostela 18/09/24

En recentes sentenzas o Tribunal Supremo ven de proceder ao **recoñecemento de trienios consolidados como persoal laboral**, na **contía correspondente ao réxime no que foron perfeccionados**, así como ao abono das diferencias deixadas de percibir con carácter retroactivo.

Declara a Sentenza de referencia que as **persoas funcionarias** que **antes** da reforma do **artigo segundo da Lei 70/1978** pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 (**31/12/2020**), **solicitaron e recoñecéronselles** os servizos prestados como contratados laborais, ao estar **consolidados**, **poderán solicitar e percibir na contía que tivesen** ao tempo de perfeccionarse **como contratado laboral**.

O **prazo** para poder efectuar a **reclamación** é de **4 anos**, a partir do feito causante.

Poñemos o nosos servizos xurídicos a disposición das persoas interesadas en efectuar as reclamacións oportunas consonte ao contido de dita sentenza.

Para máis información diríxete aos teus delegados/as e seccións sindicais de UGT.

